



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup>. Carmen  
Cidrás Pídre, José  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sánchez, Jesús  
Montero Muñoz, María  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel  
Vázquez Otero, María Elsa

### DECANOS/DIRECTORES

Alonso, Bacigalupe, Luis  
Anas Sánchez, Pedro  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Iglesias Antelo, Beatriz  
López Díaz, María  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Vidal Vázquez, Ricardo

### PDI-A

Domínguez Martín, Jorge  
Martínez Insua, Ana Elina  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B

Diéguez Castrillón, M<sup>a</sup> Isabel

### ESTUDANTES

Álvarez Pereira, Carmen Susana  
Fariñas Valiña, Iago  
Gómez Fernández, Sadoth  
Puga Alonso, Javier  
Riobó Fernández, Aída  
Ríos Curras, Moisés  
Varela Martínez, Iago

### PAS

Bernal Gómez, Rosa  
Cebro Rodríguez, Anxo M  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Pérez Mato, Federico

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 30 de setembro de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 30 de setembro de 2009, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2009 e da sesión extraordinaria do 24 de xullo de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
5. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.
6. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Eloy García López contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público de 14 de maio de 2009 de aprobación de saída a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área 135 e maila respectiva comisión específica de área.
7. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Humberto Michinel Álvarez e dezaioito profesores máis contra o acordo adoptado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 sobre a transformación da licenciatura de Física.
8. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, D. Diego González Salgado e D. Daniele Tommasini contra o acordo adoptado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 sobre a transformación da licenciatura de Física.

9. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. M<sup>a</sup> Rosa Pérez Rodríguez e Dna. Inmaculada C. Báez Montero contra os acordos adoptados polo Consello de Departamento de Lingua Española na súa reunión do 15 de maio de 2009 sobre a saída a concurso de dúas prazas de profesor contratado doutor e a composición dos tribunais.
10. Execución de sentenza do xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Vigo de 14 de xaneiro de 2003 que anula o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 12 de novembro de 2001 polo que se aprobou a saída a concurso de cátedras de I+D.
11. Aprobación, se procede, da remisión de propostas de extinción de impartición dos títulos de Seguridade Integral na Industria e Contabilidade e Finanzas.
12. Aprobación, se procede, da creación das direccións do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) e do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI).
13. Aprobación, se procede, da convocatoria do programa DOCENTIA de avaliación da actividade docente.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para a cofinanciamento do proxecto NANOBIO MED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios – Addenda ao Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Zaragoza e a Universidade de Vigo, relativa á distribución da cuarta anualidade dos fondos do proxecto NANOBIO MED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Antofagasta – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Antofagasta (Chile) para o intercambio de estudantes.
15. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2009 e da sesión extraordinaria do 24 de xullo de 2009.

Sinala a secretaria xeral que se ten presentado unha alegación por parte do Sr. Puga quen pon de manifesto un erro na súa intervención en rogos e preguntas na sesión de 22 de xullo de 2009. Incorporada esta corrección, apróbanse as dúas actas por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Informa o reitor dos seguintes asuntos:

1.- En primeiro lugar, do tratado no Consello Galego de Universidades celebrado o pasado 27 de xullo. A orde do día incluía dous asuntos que debe coñecer este Consello de Goberno:

a). En primeiro lugar, o Consello Galego de Universidades informou favorablemente a adscrición da Escola de Negocios Caixanova á Universidade de Vigo.

b). E. en segundo lugar, fíxose unha primeira rolda de presentación dos títulos de grao que propoñen as tres universidades galegas para pechar a segunda fase de transformación dos títulos de Diplomatura e Licenciatura. Para o vindeiro venres, 2 de outubro, está convocada unha nova sesión do Consello Galego de Universidades, cunha orde do día que inclúe de novo este tema. A día de hoxe é imposible adiantar si esta será a xuntanza definitiva sobre este asunto e, polo tanto, se as propostas presentadas pola Universidade de Vigo son aceptadas nos termos aprobados por este Consello de Goberno.

2.- En segundo lugar. informa da evolución do proceso de matrícula e de diversas incidencias nel producidas. Recorda que, xunto á implantación de 24 novos títulos de Grao e de 67 títulos de Mestrado, este curso se comezou a implantación xeneralizada do novo aplicativo informático de xestión académica, denominado “Xescampus”, incluíndo o transvasamento completo do histórico de alumnos, arquivado no anterior aplicativo “Xesta”.

Fálase, por tanto, dun reto maiúsculo, que significou, por exemplo, o transvase e a corrección de erros (en datos persoais, nomes de materias, notas, etc.) de máis de 134000 expedientes de alumnos da Universidade de Vigo. En todo caso, a transformación da xestión académica na Universidade de Vigo era tan importante, como necesaria. E había que facela desde o momento inicial da implantación dos novos títulos, por moito que iso puidese supoñer un volume importante de cambios e adaptacións.

As incidencias teñen sido de certa complexidade nos Graos de “Xestión e Dirección Pública” e “Fisioterapia”, en Pontevedra; na matrícula dos Erasmus e dos proxectos fin de carreira nas enxeñerías; e na xestión académica dos mestrados. As causas son diversas: cambios realizados polos centros nos procesos de recoñecementos de materias (sen que estes cambios constasen para o programa informático); diferente interpretación dos centros no caso da matrícula dos Erasmus; definición de períodos de pre-inscrición pouco amplos e flexibles, etc.

E xunto a estas incidencias maiores, case 3000 consultas na rede e un ritmo de interacción cos usuarios bastante satisfactorio. Ao respecto, é interesante coñecer que na incorporación de estudantes de 1º por 1ª vez, a nova ferramenta informática permitiu que un 60,77% puidese facer a súa matrícula por internet. Esta porcentaxe superou o 98% no caso dos alumnos matriculados en Mestrado.

En canto aos datos de matrícula, os datos provisionais, referidos a estudantes de 1º por 1ª vez falan dun incremento lixeiramente superior ao 3% sobre o curso pasado. Recorda, non obstante, que aínda non está aberto o período para matrícula de alumnos en lista de agarda e para os que teñan aprobada a selectividade na convocatoria de setembro (do 6 ao 8 de outubro). Do 13 ao 31 de outubro abrírase a matrícula para os alumnos de continuación con materias das que tiveron que examinarse en setembro.

En canto aos títulos de mestrado, hai ata o momento un total de 1318 matriculados, que practicamente duplica a matrícula equivalente do curso pasado. ao que debemos engadir un total de 547 pre-inscritos no Mestrado de Secundaria, cun prazo aberto hasta o 13 de outubro.

3.- Por último, pon en coñecemento dos membros de Consello de Goberno que unha vez resolto o concurso para a nova imaxe corporativa da Universidade de Vigo, comezase coa súa aplicación progresiva, a medida que a utilización de logos, sobre todo en carteis e imaxe, demande novas aplicacións ou a substitución das antigas. Recorda que nos actos académicos e

de representación, así como nas certificacións académicas e nas normas e documentos oficiais seguirá utilizándose o escudo tradicional da Universidade de Vigo.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, de comisións de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que sinala que se solicita prórroga por un ano da comisión de servizos polo “Instituto de Estudios Fiscales del Ministerio de Economía y Hacienda (S.G. Estudios Presupuestarios y del Gasto Público)” para a Profesora Titular de Universidade da área de Economía Aplicada Dna. Olga Cantó Sánchez. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento de Economía Aplicada e da COAP do pasado 23 de setembro de 2009.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que por parte da COAP, reunida o pasado 30/09/09, dáse o informe favorable a unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Comunicación Audiovisual e Publicidade. A Profesora Contratada Doutora Dna. Ana Belén Fernández Souto acadou acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade.

Tamén, na COAP do pasado 23/09/09 dáse informe favorable de dúas prazas de Profesor Titular de Universidade por maioración de prazas gañadas no Programa Especial de Promoción de 2008. As prazas son:

Area de Filoloxía Galega e Portuguesa. O Profesor Asociado D. Anxo Angueira Vitorro, seleccionado na convocatoria mencionada de programa especial de promoción ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade.

Area de Química Inorgánica. A investigadora Parga Pondal Dna. Laura Valencia Matarranz, tamén seleccionada na mesma convocatoria ten acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade. Como o remate do seu contrato ten data de 30/09/09, a creación desta praza implicará o nomeamento da citada candidata como Profesora Titular Interina, tal como prevé a convocatoria do programa especial de promoción.

Solicítase unha praza de Catedrático de Universidade na área de Literatura Española. O Profesor Titular de Universidade D. José Montero Reguera acadou acreditación. A área conta con 7 profesores ou profesoras con vinculación permanente dos que unha é catedrática de universidade. Isto implica unha porcentaxe dun 14%, sensiblemente inferior á referencia do 25%, polo que a COAP informa favorablemente entendendo que é aplicable o criterio A) do acordo de promoción a catedrático de universidade, que situaría a porcentaxe nun 29%. Como regra xeral para interpretar a norma a COAP propón outorgar unha praza por cada 4 profesores ou profesoras con vinculación permanente coa excepción de que a última praza en cada área outorgárase con tres para mellor aproximación á referencia dun 25%. Tamén asegúrase unha praza por área.

Finalmente solicítase unha praza de Catedrático de Universidade na área de Dereito Procesual. A Profesora Titular de Universidade Dna. Esther González Pillado acadou acreditación. A área conta con 4 profesores ou profesoras con vinculación permanente, ningún deles catedrático ou catedrática de universidade, polo que a COAP informa favorablemente entendendo que é aplicable o criterio A) do acordo de promoción a catedrático de universidade.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 5.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez contra a inadmisión a trámite da solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U de Estudos Empresariais.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a COAP, na súa reunión do 23 de setembro de 2009 elaborou o informe favorable á estimación do recurso que consta na documentación.

O informe favorable susténtase no feito de que a cualificación media dos estudantes na materia supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados da mesma nos derradeiros cinco cursos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Eloy García López contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público de 14 de maio de 2009 de aprobación de saída a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área 135 e maila respectiva comisión específica de área.

Teñen sido invitados o profesor Eloy García e a directora do Departamento de Dereito Público, Prof<sup>a</sup>. Almudena Bergareche.

Intervén a secretaria xeral para por de manifesto que se ten presentado un escrito por parte da directora do Departamento de Dereito Público, a Prof. Bergareche, no que solicita a retirada deste punto da orde do día por considerar que non se deu audiencia ao Departamento como parte implicada no recurso o que produce indefensión ao órgano e aos seus membros.

A este respecto, debe partirse da consideración, como fai a Asesoría Xurídica, de que o Consello de Goberno e o órgano xerarquicamente superior no ámbito da Universidade o que deixa patente a inoportunidade de que un órgano inferior, como é o Consello de Departamento, compareza como interesado dentro da relación administrativa co obxecto de reivindicar os dereitos propios dos interesados na súa relación coa administración pública (dereito de audiencia). Debe recordarse que non existe contraposición de parte que permita considerar ao Consello de Departamento ou á súa Directora, como interesados lexítimos nunha relación administrativa, toda vez que se trata dun órgano administrativo que actúa dentro da personalidade xurídica única da Universidade.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Eloy García contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público de 14 de maio de 2009 no que se aprobaba a saída

a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área 135 e a respectiva comisión específica da área.

A argumentación do recorrente é a vulneración por parte do Departamento da inderogabilidade dos regulamentos, consistente neste caso no respecto da autonomía das áreas, como procedemento establecido neste Departamento. De acordo con esta vulneración, solicita a nulidade do acordo de 14 de maio de 2009.

Para a comprensión do sentido do recurso, o vicerreitor expón os antecedentes do mesmo.

Con data 11 de maio de 2009 ten lugar a reunión da área de Dereito Constitucional na que se acorda por unanimidade de todos os profesores asistentes un tribunal para xulgar unha praza de profesor contratado doutor que xurdía como consecuencia da acreditación do Prof. González Ares.

Posteriormente, o Consello de Departamento de Dereito Público, reunión na sesión de 14 de maio de 2009, aproba a saída a concurso dunha praza de profesor contratado doutor na área de Dereito Constitucional e a súa comisión específica, que é diversa á aprobada previamente pola área na súa reunión de 11 de maio de 2009.

O informe da Asesoría Xurídica entende que á vista dos antecedentes, en concreto a acta de Consello de Departamento de Dereito Público de 25 de maio de 2005, conséntase que na sesión do Consello de Departamento na que se aprobaba, ao POD víñase dando audiencia aos directores das áreas en representación das mesmas para expor a proposta de POD e os subseguintes aspectos en relación coa promoción e saída a concurso das prazas de profesorado, propostas elevadas ao Departamento que eran aprobadas como mero trámite. En consecuencia, pode entenderse que o referido procedemento forma parte do sistema dado polo propio departamento como peculiaridade organizativa do mesmo, de acordo co art. 22 da *Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico y procedimiento administrativo común*.

De acordo co anterior, entende a Asesoría Xurídica que o acordo debe ser declarado nulo, á vista do art. 62 da *Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico y procedimiento administrativo común*, en canto se trata dun acto ditado prescindindo de forma total do procedemento establecido.

O vicerreitor sinala que esta é a proposta que se fai a este Consello de Goberno, a estimación do recurso e a declaración de nulidade de acordo sobre a composición da comisión específica da área de Dereito Constitucional aprobada polo Consello de Departamento de Dereito Público, o de 14 de maio de 2009.

Ábrese unha quenda de intervencións:

A Prof<sup>a</sup>. Bergareche fai lectura da súa intervención que se incorpora á acta como **anexo 1**.

Intervén o Prof. García para sinalar que o motivo do recurso non é contra unha praza nin tampouco contra un tribunal senón contra a forma de aprobación do mesmo. Trátase da vulneración do procedemento establecido no Departamento dende xa fai moito tempo. Trátase

dun procedemento de actuación e o que se pretende é que se respecte o procedemento preestablecido no departamento, porque se entende que o procedemento non é o axeitado, debería procederse á modificación do acordo sobre a forma de aprobar o POD.

A Profª. Garrido interésalle que se aclare se se pode recorrer un acordo do Consello de Departamento cando non existe un acordo previo da área ou si existe así regulado dalgún xeito no Regulamento de réxime interno do Departamento.

O Prof. Muñoz sinala que antes da LRU os catedráticos fixaban a asignación da docencia, cando se modificou a mesma, se asignou ás áreas esa competencia e agora coa reforma da LOU as áreas de coñecemento quedan diluídas. Quere saber a onde vamos, ¿imos seguir cara atrás?. Entende que non é decisivo o que opine un área.

O Prof. Ramos pregunta como se chama ese órgano ao que queremos darlle ese poder de decisión, área, consello de área e como está formado.

O Prof. Berrocal pregunta se este principio de autonomía da área está no Regulamento de réxime interno do Departamento ou é unha costume. Tamén que pasaría neste caso, se o Departamento tería que reunirse de novo.

A Profª. Bergareche, sinala que nos cinco últimos PODs fixéronse de acordo coas áreas do Departamento. Trátase de manter equilibrio entre as áreas, salvo no caso da área de Dereito Constitucional. á que pertence a propia directora do Departamento.

O Prof. Eloy García insiste sobre o obxecto deste debate que debe ser centrado unicamente no funcionamento do Departamento e non se trata con carácter xeral de determinar como é a relación das áreas cos distintos departamentos. É un criterio propio do Departamento e iso é o único que se debate aquí. Se o recurso se resolve axeitadamente, debe reunirse de novo a área e chegar a un acordo.

A profª. Bergareche sinala que se trataba de resolver un erro no tribunal proposto pola área.

O Prof. Pereira sinala que no seu departamento no que houbo unha proposta dunha área e alguén non estaba de acordo e se propuxo outro tribunal que se levou a COAP. O órgano colexiado que defendeu o asunto foi o Departamento.

O Prof. Eloy García sinala que non se trata dun conflito senón de que a que dirixe o Departamento está en minoría na área e por iso lévase o tema ao Departamento.

O reitor procede á lectura do escrito da directora no relativo á non achega da acta e despois procede á lectura da acta de 2005 onde se pon de manifesto que o Departamento acepta as decisións das áreas.

Debátese sobre o tema entre o reitor, a Profª. Bergareche, o Prof. Berrocal e a secretaria xeral.

O Prof. Ramos adianta xa o seu voto desfavorable á estimación deste recurso.

O Prof. Bacigalupe expón que o funcionamento no seu Departamento é moi similar ao de Dereito Público, porque teñen un área moi grande e outra pequena que se vería moi dificultada de poder defender os seus dereitos. O problema é se existe un procedemento e se se quere cambiar. Pregunta se é posible que se retire o punto para conseguir chegar a unha solución consensuada.

Debátese sobre este tema e se acorda suspender a decisión sobre este punto para ver se é posible que se chegue a un acordo.

Apróbase por asentimento esta decisión.

O Prof. Berrocal pide que se faga un chamamento á Asesoría Xurídica para que non faga alusións a termos que poden levar a confusión, como é o de Director de Área.

**Punto 7.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Humberto Michinel Álvarez e dezaioito profesores máis contra a resolución adoptada pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 sobre a transformación da licenciatura de física.

Teñen sido invitados como interesados, os Profesores Michinel, Cerdeiriña, Román, González Salgado, Peleteiro, Carballo, Troncoso, Toval, Doval, Navia, Iglesias, Dopazo, Meijón, Pérez Sánchez e o Decano da Facultade de Ciencias, o Prof. Araújo.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Humberto Michinel e dezaioito profesores máis contra a resolución adoptada pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Ourense na súa sesión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 sobre a transformación da licenciatura de Física no grao de Ciencias Ambientais.

Os motivos da impugnación son os seguintes:

- En primeiro lugar, o incumprimento dos prazos da convocatoria da sesión da Xunta de Centro de 23 de xuño de 2009.

- En segundo lugar, a incompetencia da Xunta de Centro para a adopción deste acordo.

- En terceiro lugar, o incumprimento do procedemento de modificación e extinción de planes de estudo previsto no *Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales*.

- E por último, a vulneración das Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudo de grao aprobadas en Consello de Goberno de 5 de marzo de 2008 e as Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia, aprobadas polo Pleno do Consello Galego de Universidades.

O informe da Asesoría Xurídica vai dando resposta aos distintos motivos de impugnación no seguinte sentido:



En primeiro lugar, en relación á improcedencia da convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de Ciencias de Ourense prevista para as 9:30 horas, e que foi efectuada ás 9:55 horas do día anterior, cando o artigo 16 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias establece que *“A convocatoria extraordinaria deberá notificarse á maior brevidade posible, como mínimo 24 horas..”*

Detectado que a convocatoria se produce 25 minutos por debaixo do mínimo establecido, debe terse en conta o disposto no artigo 63.3 da Lei 30/1992 de procedemento administrativo, que sinala que *“La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo.”*

Neste caso concreto, non queda acreditado que a diferenza horaria entre a convocatoria e o mínimo contemplado na normativa, que é de 25 minutos, implique unha mingua das facultades que teñen os recorrentes como membros do órgano colexiado, en canto todos acudiron á sesión e participaron nela, polo que non procede estimar esta alegación como anulatoria do acordo adoptado.

En segundo lugar, alégase o incumprimento do artigo 44 dos Estatutos que establece que as Xuntas de Titulación son os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar para cada titulación as propostas de plans de estudos: os recorrentes consideran que a competencia para propoñer os planos de estudos de grao corresponde á Xunta de Titulación e non á Xunta do Centro, que é incompetente tendo en conta as competencias que ten asignadas nos Estatutos da Universidade e no Regulamento de Réxime Interno do centro.

En resposta a esta alegación, debe lembrarse que o artigo 2 das Directrices da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudo de grao, establece que *“ Constituirase unha xunta de titulación para cada novo título e a súa composición será aprobada en cada caso polo Consello de Goberno ”.*

En aplicación deste precepto, o Consello de Goberno de 20 de abril de 2009 acorda que a Xunta de Titulación da transformación da Licenciatura de Física será a Xunta de Facultade de Ciencias. En consecuencia, a Xunta de Facultade actúa a efectos normativos como Xunta de Titulación, cumprindo por tanto o disposto no artigo 44 dos Estatutos da Universidade.

En terceiro lugar, en relación á vulneración do artigo 28 do *Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales*, e que se refire á modificación e extinción dos plans de estudos conducentes a títulos oficiais, debe sinalarse que este precepto se aplica á modificación dos plans de estudos de grao unha vez que foran implantados, e polo tanto non é de aplicación neste momento.

Por último, en relación á vulneración das Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudo de grao e as Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia, os recorrentes alegan que non se trata da adaptación da Titulación de Física, senón da creación *ex novo*, doutra titulación diferente, o que esixiría un procedemento distinto do que foi empregado pola Xunta de Facultade.

A este respecto, debe terse en conta que o documento do Consello Galego de Universidades establece que a primeira fase de adaptación de titulacións contemplará exclusivamente a adaptación da oferta anual no Sistema Universitario de Galicia ás directrices fixadas no novo marco lexislativo. Esta fase iniciouse no ano 2008 e rematará en 2010 con todas as titulacións actuais en proceso de transformación.

A Licenciatura en Física está dentro deste conxunto de titulacións.

Sen embargo, o apartado 3.2 das directrices establece unha limitación porque o Consello Galego de Universidades só autorizará aqueles títulos de grao que resulten da transformación de títulos actuais nos que a media do número de alumnos de novo ingreso nos tres últimos anos fora superior a 25.

A Licenciatura en Física non cumpre esta condición, co cal, en principio non se podería transformar. Non obstante, o epígrafe seguinte deste mesmo punto 3.2 establece unha posible vía de solución que permite que a solicitude da Universidade de Vigo sexa estudada polo Consello Galego de Universidades, cando sinala que “No caso de titulacións actuais cun número de alumnos próximo ao 25, o Consello Galego de Universidades poderá estudar as súas propostas de transformación no caso de títulos cunha ampla tradición no ámbito dos países do EEES, e que polas súas características non sexan susceptibles de confluír nun título común con outros títulos. Estas propostas deberán incluír tamén un plan de viabilidade no que se fará a previsión de demanda, e a descrición de medios materiais adecuados e dunha considerable capacidade docente e investigadora”.

A consideración de que a Licenciatura en Física é unha titulación de ampla tradición que non pode confluír con outras titulacións da Universidade de Vigo e que require dunha análise especial, permite ao Consello de Goberno aprobar a transformación da Licenciatura en Física nun grao en Ciencias Ambientais para a súa implantación no curso 2010-2011.

En consecuencia, de todo o exposto, enténdese que este recurso debe ser desestimado, e esta é a proposta que se presenta a este Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Cerdeiriña, en relación á falta de competencia da Xunta de Facultade, formula unha pregunta en relación ao contido do art. 43 dos Estatutos no que se establecen as funcións da Xunta de Centro sen que se inclúa en ningún momento a de transformación dun plano de estudos. Engade a maiores que nas Directrices da Universidade non existe ningunha delegación para que a Xunta de Centro asuma esa competencia en lugar da Xunta de Titulación.

O Prof. González Salgado refírese ao incumprimento dos prazos da convocatoria da Xunta de Centro e pregunta por que non se considera que ese incumprimento non supoña unha mingua das facultades para os membros do órgano colexiado.

O Prof. Araújo, como decano da Facultade de Ciencias sinala que a Xunta se convocou en tempo e forma, e dada a importancia da Xunta asistiron todos os membros e alí chegouse a un acordo sobre a transformación da titulación de física en ciencias ambientais cunha ampla maioría.

A secretaria xeral contesta en primeiro lugar ao Prof. Cerdeiriña sinalando que as Directrices da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización dos planos de estudo de grao, no seu artigo 2 sinala que será o Consello de Goberno o que determine para cada título, cal é a composición da Xunta de Titulación; en coherencia con isto, o Consello de Goberno de 20 de abril de 2009 acorda que a Xunta de Titulación da transformación da Licenciatura de Física será a Xunta de Facultade de Ciencias. De acordo con isto, a Xunta de Facultade de Ciencias está actuando non como tal Xunta de Centro, de acordo co art. 43 dos Estatutos, senón como Xunta de Titulación, de acordo co artigo 44 dos Estatutos da Universidade.

● reitor, na mesma liña exposta pola secretaria xeral, recorda como se chegou ata aquí dende a creación das Xuntas de Titulación, e poñendo como exemplos outras titulacións da Universidade de Vigo.

Debátese sobre o tema e a aprobación da titulación de tecnoloxía dos alimentos pola Xunta de Titulación e non pola Xunta de Centro. Interven o Prof. Cerdeiriña, a vicerreitora de Titulacións o reitor, o Prof. Araújo e o Prof. Muñoz.

A secretaria xeral, sobre o tema dos prazos, contesta que a *Ley 30/1992, de 26 de novembro, de réximen jurídico y procedimiento administrativo común* establece que non en todos os casos o incumprimento dos prazos da lugar á declaración de anulabilidade e neste caso, ao non producirse mingua nos dereitos dos membros do órgano, non procede a mesma. Isto aparece recollido en numerosa xurisprudencia do Tribunal Supremo.

● Prof. Vidal sinala que aquí hai profesores afectados. Entende que o erro ven de crear a Facultade de Física no seu momento e non se pode tomar decisión sen un estudo previo serio e que agora non poden pagar esta situación os profesores.

● reitor ven centrar o debate no seus termos máis axeitados en canto se trata de aplicar un acordo do Consello de Goberno e do Consello Social sobre unha serie de titulacións: neste momento, un grupo de profesores cuestionan a validez dos acordos por motivos formais.

Apróbase a desestimación do recurso por asentimento.

**Punto 3.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Claudio Cerdeiriña Álvarez, D. Diego González Salgado e D. Daniele Tommasini contra o acordo adoptado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Lugo na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009.

Teñen sido invitados como interesados, os Profesores Cerdeiriña, González Salgado e Tommasini e o Decano da Facultade de Ciencias, o Prof. Araújo.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polos Profesores Cerdeiriña, González Salgado e Tommasini contra o acordo adoptado pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Lugo na súa reunión extraordinaria do 23 de xuño de 2009 relativo á transformación da licenciatura de Física no grao de Ciencias Ambientais.

As alegacións dos recorrentes son as seguintes: primeiro, que non se realizou sesión constitutiva da Xunta de Facultade despois das eleccións celebradas en maio de 2008; e en

segundo lugar, a non acreditación ante o secretario dos membros da citada Xunta. En base ao anterior, os recorrentes solicitan a anulación dos acordos adoptados.

O informe da Asesoría Xurídica vai dando resposta as distintas alegación dos recorrentes.

En primeiro lugar, no que respecta á alegación relativa a que non se realizou sesión constitutiva da Xunta de Centro despois das eleccións de membros electivos, a efectos procesuais debe lembrarse que a materia de impugnación foi consentida polos interesados, deixando transcorrer os prazos para ser recorrido dito aspecto, na primeira sesión en que foi apreciada esta circunstancia e reaccionan contra os seus propios actos no intre en que se adopta un acordo desfavorable aos seus intereses, como é o obxecto de impugnación.

En segundo lugar, no relativo á necesidade de acreditación como membros da Xunta de Centro ante o secretario, ningunha das normas que resultan de aplicación á celebración das sesións de Xunta de Centro, (artigos. 13 e 18 da Lei Orgánica de Universidades 6/2001, os artigos 25 a 28 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre as regras xerais dos órganos colexiados da Universidade de Vigo, e mais os artigos. 42 e 43 referidos particularmente ás Xuntas de Centro, a Sección Primeira do Capítulo Primeiro do Título Primeiro do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias de Ourense aprobado en Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2006, e da Lei 30/1992 –en particular os artigos 24, 25 e 26—, permítenos concluír que non é necesaria *“la sesión constitutiva inicial en la que se presupone que ante el Secretario se acreditan todos los miembros de la Junta de Facultad”*, como sinalan os recorrentes.

Por outra banda, o artigo 19 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias, non se corresponde coa celebración dunha sesión constitutiva inicial trala celebración de eleccións senón que se refire ao procedemento de constitución de cada unha das sesións que celebre a Xunta de Facultade. Sobre este aspecto nin se concreta nin acredita en qué aspecto puido ser incumprido este precepto, polo que dito motivo debe ser tamén rexeitado.

Do exposto a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a desestimación do recurso presentado.

Cerdeiriña pregunta se hai unha convocatoria de xunta extraordinaria cun punto único da orde do día en que se constitúe a Xunta e pregunta por que despois xa non aparece un punto de constitución.

A secretaria xeral contesta que non ten resposta sobre este tema en canto non é ela a que fai as convocatorias de Xuntas de Centro, senón o secretario da correspondente xunta. Aquí o que se fai é un informe sobre a legalidade da convocatoria que é o que procede para contestar un recurso de alzada.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso presentado.

**Punto 9.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. M<sup>a</sup>. Rosa Pérez Rodríguez e Dna. Inmaculada C. Báez Montero contra os acordos adoptados polo Consello de Departamento de Lingua Española na súa reunión do 15 de maio de 2009.

Teñen sido invitados as profesoras Pérez Rodríguez e Báez Montero e o director do Departamento de Lingua Española.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polas profesoras Pérez e Báez contra o acordo do Consello de Departamento de 26 de maio de 2009 polo que se aproba a saída a concurso de dúas prazas de profesor contratado doutor e a composición dos seus tribunais xulgadores.

As recorrentes alegan que a aprobación da saída a concurso das prazas de profesor contratado doutor e a composición dos seus tribunais non figuraban na orde do día da sesión do Consello de Departamento, e por ese motivo solicitan que se declare a nulidade do acordo.

Para a comprensión do recurso é necesario coñecer os antecedentes do mesmo.

Con data 15 de maio celébrase sesión de Consello de Departamento de Lingua Española que tiña por obxecto como oitavo punto da orde do día o “*POD do Curso 2009-2010*”. Dentro deste punto apróbanse dúas prazas de contratado doutor e as súas respectiva comisións xulgadoras.

O 26 de maio de 2009, celébrase sesión de Consello de Departamento de Lingua Española, na que se acorda definitivamente a composición do tribunal dunha das dúas prazas aprobadas na sesión de 15 de maio de 2009, xa que a outra das convocadas, non podía ser obxecto de convocatoria tras a comunicación da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado ao Departamento e corroborada pola decisión da Comisión De Organización Académica e Profesorado de 24 de xuño de 2009.

A Asesoría Xurídica contesta á alegación das recorrentes relativa á non inclusión na orde do día da sesión do Consello de Departamento de Lingua Española de 15 de maio de 2009 dun punto específico sobre a saída a concurso das prazas de profesorado, sinalando que, de acordo coas normas básicas de P.O.D. 2009-10 (aprobadas no Consello de Goberno do 10/03/2009), a saída a concurso das prazas integra o contido propio do P.O.D. de cada Departamento. Polo tanto, a alegación das interesadas da non inclusión na orde do día como parte do debate do P.O.D. da saída a concurso das prazas, non resulta xuridicamente relevante.

Sobre o tribunal das prazas que saen a concurso, debe sinalarse que con data 26 de maio de 2009, celébrase sesión de Consello de Departamento de Lingua Española, na que se acorda definitivamente a composición do tribunal dunha das dúas prazas aprobadas na sesión de 15 de maio de 2009.

Polo tanto o acordo sobre a composición do tribunal das prazas que se aprobaron como de saída a concurso na sesión de 15 de maio de 2009 non ten vixencia porque foi superado polo acordo definitivo adoptado na sesión de 26 de maio de 2009, coa participación en dita sesión das hoxe recorrentes, polo que decaeu neste aspecto o obxecto do recurso.

De acordo co exposto, propónse a este Consello de Goberno a desestimación do recurso de alzada presentado.

A Prof<sup>a</sup>. Pérez Rodríguez alega que os acordos adoptados non tiveron efectos porque foron retomados nos seguintes Consellos de Departamento, polo tanto o recurso perde parte da súa relevancia, pero existen dous feitos que quere resaltar: que se convoquen dúas prazas cando o director xa tiña información de que non era posible por falta de créditos (correo electrónico da vicerreitoría) e que os tribunais non eran axustados a dereito. Por outra parte, manifesta que non lle parece axeitada a convocatoria xenérica cun punto sobre POD.

A Prof<sup>a</sup>. Báez sinala que o tribunal da praza é definitivo dende o momento da súa última aprobación.

Pola súa parte, o director do Departamento de Lingua Española explica as razóns polas cales solicita a saída a concurso de dúas prazas.

Ante as distintas intervencións pregunta o reitor se, estando resolto o tema, se podería retirar o recurso por parte das recorrentes. Ao que as recorrentes contestan que si. Deste xeito, retírase o recurso presentado.

**Punto 10.** Execución de sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo N<sup>o</sup> 1 de Vigo de 14 de xaneiro de 2003 que anula o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 12 de novembro de 2001 polo que se aprobou a saída a concurso de cátedras de I+D.

Teñen sido invitados os profesores Cordero, Sánchez. Sanromán, Bendicho, Costas, Pérez Nieto, Reigosa, Godoy, Rodríguez Rodríguez e Santos Mejía.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen procede á exposición dos antecedentes desta sentenza ata chegar ao día de hoxe.

A Xunta de Goberno da Universidade, na sesión ordinaria do 29 de outubro de 2001, aproba o “Programa de Cátedras I+D”. En dita convocatoria indicábase que podían obter a dotación dunha praza de Catedrático Universidade aquelas áreas de coñecemento nas que houbera Profesores Titulares de Universidade con dous sexenios de investigación. Os Consellos de Departamento nos que había profesores que cumprían eses requisitos aprobaron a saída a concurso de tantas prazas como posibles candidatos.

● 12 de novembro de 2001, a Xunta de Goberno aproba a saída a concurso das Cátedras I+D de Ecoloxía, Fisioloxía Vexetal, Matemática Aplicada, Filoloxía Galega e Portuguesa, Enxeñería Química, Química Analítica, Microbioloxía e Teoría da Sinal e Comunicacions.

Mediante Resolución Reitoral de 20 de novembro de 2001 se convocan as citadas prazas, convocatoria que é publicada no BOE de 14 de decembro de 2001.

A Xunta de Goberno da Universidade, en sesión de 27 de febreiro de 2002, baseándose nun informe da Asesoría Xurídica da Universidade, acorda desestimar o recurso presentado.

● 11 de xaneiro de 2002, os profesores García Sánchez, Santos Mejía, Obelleiro Basteiro e Rodríguez Rodríguez presentan recurso de reposición fronte á convocatoria das

Cátedras I+D. O obxecto do recurso é que *“se anulen e se deixen sen efecto as Convocatorias e as súas Bases, así como cantos actos, actuacións e resolucións posteriores que traian a súa causa das referidas convocatorias”*, en canto entendía que a convocatoria vulneraba o establecido no art. 138 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

A Xunta de Goberno en sesión de 27 de febreiro de 2002 acorda desestimar o recurso de reposición presentado, de acordo co informe de Asesoría Xurídica.

O 17 de abril de 2002, os profesores Rodríguez Rodríguez e José Santos Mejía interpoñen recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, polo que solicitan que se deixe sen efecto o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 12 de novembro de 2001 polo que se convocan as Cátedras I+D. Basicamente, o fundamento da demanda é a vulneración dos requisitos previstos nos artigos 138.2 dos Estatutos e 16.2 do Regulamento de Profesorado, relativos á necesaria petición dun informe externo.

O 14 de xaneiro de 2003 dítase sentenza pola que se estima o recurso interposto polos profesores Rodríguez Rodríguez e Santos Mejía e declara a anulación do Acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 12 de novembro de 2001, polo que se aprobou a saída a concurso das Cátedras I+D. Esta sentenza foi recorrida en apelación pola Universidade o 29 de xaneiro de 2003, recurso que foi resolto en sentido negativo polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 2 de xuño do 2004.

O 16 de xullo do 2004 a Universidade de Vigo interpón recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, entendendo que se podería estar vulnerando o principio de autonomía universitaria, así como o dereito á tutela xudicial efectiva. Recurso que foi inadmitido polo Tribunal Constitucional o 20 de outubro do 2006.

O 8 de xaneiro de 2007, o Xulgado do Contencioso-Administrativo N° 1 de Vigo require á *“Universidade para que proceda á execución da sentenza no prazo de dous meses”*.

O 26 de xaneiro do 2007, a Universidade solicitou a declaración de imposibilidade legal de execución da sentenza, en canto se a convocatoria das cátedras se tivera feito neste momento durante a vixencia dos actuais Estatutos da Universidade sería válida e legal. en canto, a convocatoria de programas especiais de promoción do seu profesorado funcionario, xa non estaban suxeitos ao cumprimento dos requisitos extraordinarios que se contemplaban no art. 138.2 dos antigos Estatutos.

Mediante Auto de 23 de xullo do 2007, o Xulgado do Contencioso-Administrativo N°1 de Vigo estima *“a solicitude da UNIVERSIDADE sobre a NON EXECUCIÓN da Sentenza procedemento”*, debido a que unha retroacción do procedemento faría desproporcionada a execución.

O 17 de setembro do 2007, os profesores Santos Mejía e Rodríguez Rodríguez interpoñen recurso de apelación contra o auto de inexecución, solicitando a execución da sentenza sen mais dilacións. Este recurso é estimado o 19 de novembro de 2008, ordenándose a execución da sentenza.

O 22 de decembro do 2008 formúlase incidente de nulidade da sentenza de 19 de novembro do 2008, incidente que é admitido a trámite, e que supón a suspensión da execución da sentenza.

Con data de 17 de marzo do 2009 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o incidente de nulidade de actuacións e levanta a suspensión do procedemento de execución.

O 3 de xullo o Xulgado do Contencioso-Administrativo N°1 de Vigo concede á Universidade un prazo de dous meses para que proceda á execución. O 3 de setembro do 2009 envíase polo vicerreitor de Organización Académica e Profesorado comunicación ao Xulgado do Contencioso-Administrativo N° 1 de Vigo, informándolle que se dará conta ao Consello de Goberno da execución da sentenza na súa primeira sesión tralo período vacacional.

Esta é a razón de que se traia hoxe aquí este proposta de punto da orde do día.

Tamén debe salientarse que durante todo este tempo os oito afectados pola convocatoria de cátedras I+D tiveron unha ampla actuación procesual en defensa dos seus intereses. Quero indicar que neste momento, estase á espera de que o Tribunal Constitucional se pronuncie sobre o recurso de amparo constitucional interposto o 18 de maio de 2009 polos afectados.

Polo tanto do que se trata neste momento é de executar a sentenza de 14 de xaneiro de 2003. O contido do fallo é o seguinte:

*“Estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por José Luis Rodríguez Rodríguez y David José Santos Mejía contra resolución de 5/3/2002. desestimatoria del recurso de reposición interpuesto contra Acuerdo de la Junta de Gobierno de la Universidad de Vigo de 12/11/2001, por el que se aprobó la salida a concurso de las Cátedras I+D de Ecología, Fisiología Vegetal, Matemática Aplicada, Filología Gallega y Portuguesa, Ingeniería Química, Química Analítica, Microbiología, Teoría de la Señal y Comunicaciones, actos que anulo y dejo sin efecto, al igual que cuantos actos, actuaciones y resoluciones posteriores traigan causa o deriven de ellas, por no ser ajustados a Derecho”.*

A proposta de execución que se trae ante este Consello de Goberno é a declaración de nulidade do acordo da Xunta de Goberno de 12/11/2001 polo que se aprobou a saída a concurso das Cátedras I+D, o que trae consigo a nulidade da convocatoria das cátedras de Ecología, Fisioloxía Vexetal, Matemática Aplicada, Filoloxía Galega e Portuguesa, Enxeñaría Química, Química Analítica, Microbioloxía, Teoría do Sinal e Comunicación.

Ao mesmo tempo, e a efectos de aclarar a necesidade, no seu caso, doutra actividade executiva por parte da Universidade, vaise utilizar o incidente previsto no art. 109 da *Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa* que permite á Administración e as demais partes afectadas por unha sentenza, formular ao xulgado todas as cuestións que se presenten na execución e entre elas os medios con que debe levarse a efecto e o procedemento a seguir na execución.

En concreto, as dúbidas da execución proceden das diversas interpretacións que se poden derivar dos termos empregados no fallo da sentenza, na que se fala da anulación do citado acordo de Xunta de Goberno *“al igual que cuantos actos, actuaciones y resoluciones posteriores que traigan causa o deriven de ellas por no ser ajustadas a derecho”*. A este



respecto, non se pode esquecer a prevalencia dun principio xeral que é o de conservación dos actos e trámites que aparece recollido no art. 66 da *Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico y procedimiento administrativo común.*, nos seguintes termos “*el órgano que declare la nulidad o anule las actuaciones dispondrá siempre la conservación de aquellos actos y trámites cuyo contenido se hubiera mantenido igual de no haberse cometido la infracción*”.

En concreto, debe recordarse que, una vez publicada a convocatoria das cátedras, estas foron tramitadas de acordo con todas as garantías legais e todos os concursos celebráronse respectando os principios xerais de mérito e capacidade, sendo adxudicadas as prazas debidamente. Así, neste momento hai oito persoas que de ningún xeito poden verse prexudicadas por un exceso no alcance da execución proposta pola Universidade.

Polo tanto, a proposta de execución que se fai a este Consello de Goberno é:

- Declarar a nulidade do acordo da Xunta de Goberno de 12/11/2001 polo que se aprobou a saída a concurso das Cátedras I+D, o que trae consigo a nulidade da convocatoria das cátedras de Ecoloxía, Fisioloxía Vexetal, Matemática Aplicada, Filoloxía Galega e Portuguesa, Enxeñaría Química, Química Analítica, Microbioloxía, Teoría do Sinal e Comunicación.

- Utilizar o incidente previsto no artigo 109 da *Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa* para aclarar se é necesario realizar algunha outra dilixencia.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, da remisión de propostas de extinción de impartición dos títulos de Seguridade Integral na Industria e Contabilidade e Finanzas.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulación e Converxencia Europea quen sinala que se ten cumprido o previsto na normativa vixente sobre suspensión e extinción de títulos oficiais de mestrado, e se conta con informe favorable da Comisión de Estudos de Posgrao e Consello Social sobre a extinción de impartición dos títulos de Seguridade Integral na Industria e Contabilidade e Finanzas.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da creación das direccións do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) e do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI).

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación que solicita a aprobación destas dúas direccións de área que dependerán da Vicerreitoría de Investigación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Aprobación, se procede, da primeira convocatoria do programa DOCENTIA de avaliación da actividade docente.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade que expón o contido concreto do programa. Sinalando que é de carácter voluntario.

O Prof. Berrocal pregunta se o carácter voluntario significa que non se vai a utilizar para os complementos.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade contesta que non pode concretar nada ao respecto tendo en conta o cambio na dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

O Prof. Muñoz pregunta polas comisións de avaliación do programa.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade resposta que será a COAP polo momento, a que proceda á avaliación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.** Aprobación, se procede. dos seguintes convenios: Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo para a cofinanciamento do proxecto NANOBIO MED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) – Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional inicial e materias de estudos universitarios – Addenda ao Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Zaragoza e a Universidade de Vigo, relativa á distribución da cuarta anualidade dos fondos do proxecto NANOBIO MED (CONSOLIDER-INGENIO 2010) Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Antofagasta – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade de Antofagasta (Chile) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 15.** Rogos e preguntas.

O Sr. Cebro fai a seguinte intervención que se incorpora textualmente á acta:

Rogos:

*“ 1º) Transmitir ó Consello de Goberno as queixas do persoal da administración dos centros do novo programa xescampus.*

*2º) Que se cumpra a lexislación, estatal, autonómica e da universidade, en canto ós dereitos da representación sindical, Xunta de Persoal, e se nos conteste razoadamente a todos os escritos presentados polo órgano de representación dos funcionarios da Universidade de Vigo, cousa que non está ocorrendo nestes momentos.*

*3º) Admitindo e respetando, aínda que é a primeira vez que ocorre na Universidade de Vigo, o dereito da administración universitaria a conceder as comisións de servizo dun xeito arbitrario, solicitamos que se cumpra a lexislación neste tema en concreto: concesión polo período dun ano en comisión de servizo, renovable por outro ano máis. Reafirmado isto na*

sentenza do Tribunal de Xustiza de Galiza contra concesións de comisións de servizo na Xunta por períodos superiores a iste tempo.

4º) Que se respete e se garanta os regulamentos das comisións que emanan do Claustro e que foron aprobados polo devandito órgano. Por exemplo, as contratacións por riba da RPT teñen que pasar pola Comisión de Emprego co informe do Xefe de Servizo correspondente

5º) A circular que asina Xerencia e a Vicerreitora de Investigación vulnera, o noso entender, a lexislación e as sentenzas emitidas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, en canto fixan as funcións dos distintos postos do Servizo de Investigación. Sentenza do Tribunal de Xustiza de Galiza contra as competencias das Vicerreitorías en materias de persoal na Universidade de Vigo, así como a sentenza 72/2007 donde remarca que o manual de funcións teñen que ser recollidos na RPT. Non foi negociada esa circular, é máis, a Xunta de Persoal enterouse por que estaba colgada no grupo ou foro de PDI na universidade.

6º) Tendo Constancia oficial, orzamentos da universidade de Vigo, dos salarios do equipo xerencial: Xerente (90.000 + trienios), 6 vicexerentes (73.000 + trienios), solicitamos que se aporten a iste Consello de Goberno os custes reais do equipo xerencial:

- Soldos coas cotizacións da seguridade social e demais a cargo da universidade.
- Secretarías de libre designación.
- Cursos de formación deste equipo xerencial con cargo á universidade (2008-2009).
- Gastos de Material de Oficina: papelería, propaganda dos planos de calidade...
- Asesoramentos externos e xente que traballa nesa unidade e que non pertencen á plantilla da Universidade.

Tamén solicitamos, dada a crise actual, unha redución de gasto nesa unidade gerencial entre un 30 e un 50 %.

#### PREGUNTAS.

1º) ESCOLA INFANTIL. Como está nestes momentos o convenio para facer unha Escola infantil no Campus de Vigo.

2º) Por que na Resolución Reitoral do 16 de xuño o Reitor nomea SUPLENTEs ós representantes da Xunta de Persoal no Tribunal de promoción interna do grupo C2 ó C1, cando había un acordo entre xerencia e o órgano de representación.

3º) Por que non sae a promoción interna, negociada e acordada xa fai un ano, do grupo A2 ó A1, da área de biblioteca.

4º) Está dacordo o equipo de goberno coa proposta, rechazada por todo o persoal dos campus, realizada pola xerencia sobre a reestructuración dos campus de Ourense e Pontevedra?. Esta proposta significaría que todo o persoal deses campus tivesen que concursar obrigatoriamente.

5º) *Cal é a política deste equipo de goberno en canto a estrutura organizativa da Biblioteca universitaria de Vigo?. Os datos comparativos coas universidades galegas son os que seguen:*

*VIGO - 36 efectivos da Escala de Axudantes e Facultativos (1 efectivo)*

*SANTIAGO - 70 efectivos da Escala de Axudantes e Facultativos.*

*CORUÑA- 51 efectivos da Escala de Axudantes e de Facultativos*

6º) *Cal é o posicionamento sobre o servizo de ARQUIVO baixo a dependencia orgánica e funcional da Secretaría Xeral?."*

O reitor no tema da Escola Infantil entende que houbo mala fortuna, porque se empezou con este tema fai moito tempo e se conseguiu un primeiro acordo coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia, houbo un cambio na Secretaría Xeral da Vicepresidencia e nos fixo chegar que o programa de galescolas só estaba previsto para concellos. Buscamos outras fórmulas, incluída a construción pola nosa parte. Dende a Vicepresidencia se nos di que podemos chegar a un acordo cun concello para poder entrar no programa de galescolas. Así o fixemos e chegamos a un convenio co visto bo do concello e da Secretaría Xeral da Vicepresidencia. A principios de 2009 tiñamos o acordo firmado para iniciar a construción en 2009 e continuaba en 2010. Neste momento o arquitecto leva o proxecto para visar e chega o proceso electoral e o programa de galescolas está pechado. Neste momento, hai un proxecto de converter este programa noutra cousa, pero está en situación de indefinición. Xa se falou coa Conselleira e o Xerente do consorcio, o xerente ten como límite para contestar ao longo do mes seguinte, pero sempre a través da Consellería de Educación que será quen asuma a competencia. O consorcio ten que revisar se pode asumir os compromisos que figuran no convenio e falta que se decida poia Consellería de Educación que vai facer. E se isto se incluírá como parte dos orzamentos xerais da Universidade o que non resolvería nada. O discurso que se fai dende a Xunta é que as universidades se esquezan de todo o que reciben por outras vías ao marxe do orzamento.

A xerente, en primeiro lugar quere deixar constancia de que o seu despacho está sempre aberto, e sempre mantivo unha actitude e vontade de diálogo coa Xunta de Persoal; esta di que non ten outro lugar ou momento para falar coa Xerencia por iso ven ao Consello, si ben iso non concorda coas máis de 100 xuntanzas nas que participaron os representantes dos traballadores en 2008, así como as máis de 90 que se mantiveron este ano. Reitera de novo a súa política de portas abertas para recibir aos representantes sindicais, coma ata agora.

Ademais, recorda que para chegar a acordos ten que haber vontade de negociación e acordo polas dúas partes, e que seguramente hai elementos que neste momento distorsionan esa posibilidade posto que están intervindo factores que non son estritamente laborais.

A Xerencia traballa para que haxa os cambios necesarios e houbo grandes avances na mellora da xestión, o balance é positivo, nun entorno con importantes dificultades, con instrumentos pouco axeitados, orientado a xestión de problemas, non a cubrir as necesidades, nin a mellora da organización, ese cambio de orientación na xestión que estamos a impulsar, en si mesmo ten dificultades, como é lóxico.

Fíxose un plan operativo de xestión, que supón un marco de obrigas na xestión, antes inexistente, que contén compromisos reais de actuación, con accións previstas e comprometidas para o ano académico, do que se pode informar ao Consello de Goberno; o Plan avante que é un compromiso da xestión coa calidade e cos usuarios do servizo público; o Plan de sistemas, con calendario de actuacións, así se está implementando un cambio importantísimo na xestión académica, mellorando os arcaicos sistemas con outros que indubidablemente melloran o que se tiña. Púxose en marcha por primeira vez un plan de formación que leva executadas máis de 300.000 horas para o persoal. Por primeira vez tamén se obtivo consenso con todos os representantes do PAS e se asinaron dous acordos de criterios de selección e incorporación e cesamento, asinados neste ano, que supón un precedente non habido ata agora, de acordo en criterios xerais de xestión de persoal. Resolvéronse expectativas de mobilidade e promoción que levaban anos de demora. Resolveuse o conflito derivado do convenio colectivo, que tiña parado a xestión dese persoal, así como a RPT de persoal funcionario despois de tres anos de conflitos xudiciais que tiñan parada a política de persoal. Convocáronse procesos de promoción interna, e un largo etc.

En canto a Xescampus e as queixas cómpre recordar que é unha nova ferramenta e ademais pola toma de posesión do concurso hai profesionais novos nos postos, a maiores se teñen implantados os novos grados. Neste contexto, de complexa implantación, se fixo un traslado de 120.000 expedientes, lóxicamente con incidencias ou erros, pero se están matriculando os alumnos. Os de primeiro por primeira vez non tiveron problemas, pero haberá incidencias porque é inevitable se queremos mellorar a xestión para o alumnado, o profesorado e o persoal de administración e servizos. Pero todo isto supón un esforzo considerable para todos.

En canto a reordenación da RPT nos campus, estamos esperando a resposta, a Xerencia fixo propostas. Non hai nada pechado que supoña que se vaia implantar una reordenación dos postos nos campus sen negociación. Na biblioteca, o mesmo, houbo xuntanzas nas que se presentaron propostas e contrapropostas e se continúa co proceso de negociación.

Sobre o tema da Circular de funcións establecidas pola xerente e a vicerreitora de Investigación, manifesta que se trataba unha información para os investigadores e ademais hai unha resolución xerencial coas funcións de trasladado ao persoal afectado asumindo as competencias de acordo coa normativa vixente.

Calquera proxecto ambicioso, de calado, ten dificultades na súa posta en marcha.

Sobre o nomeamento dos tribunais de promoción interna, sinala que no seu momento se comentou coa Xunta de Persoal e non se presentaron problemas.

Manifesta o seu interese de levar a cabo todos os procesos pendentes e finaliza a súa intervención a Xerente, reiterando que se continuará traballando na mellora de todos os servizos da Universidade.

O Sr. Cebro reitera o problema con Xescampus e as dificultades de poñerse en contacto co persoal que poida resolver eses problemas. E a necesidade de acudir a un 902 para resolver cuestións.

O reitor clarexa que formamos parte do Consorcio Galego, onde están as tres universidades e isto significa que imos utilizar o mesmo procedemento de xestión académica,

Xescampus (feito pola Universidade de Santiago), e o de procedemento de investigación o está facendo a Universidade de Vigo.

O Sr. Cebro sinala que se senten enganados, aceptaron a execución da sentenza que anulaba a RPT para non xerar problemas e crear un clima para negociar, pero a cambio a xerente se comprometeu a levar temas como a reordenación de campus, a RPT de Biblioteca, etc. Só negocia o que lle interesa. En relación á oferta de emprego público, sinala que non estivo nas reunións. E fai referencia a diversas cuestións expostas pola xerente.

O Sr. Fariñas, suscita as seguintes cuestións:

*“ Que nunha das últimas sesións do Consello de Goberno o meu compañeiro Javier Puga pediu que se abrise a biblioteca de Vigo de torrecedeira en época de exames en horarios de 24 horas, cuestión esta que o reitor dixo que tomaba coma un reto, o tema da ampliación da apertura das bibliotecas, é un tema que se ven demandando na meirande parte dos Consellos de Goberno que se veñen celebrando nesta Universidade polo que veño a pedir que no tema de apertura das bibliotecas manifestado polo meu compañeiro, esta apertura de 24 horas en época de exames, se faga extensible tamén as bibliotecas centrais de Ourense e de Pontevedra. ”*

En relación ao envío de SMS coas notas, se comentou que non se remitiría publicidade cos SMS, como se fai en Santiago. Agora nos impresos cando firman o consentimento para participar no sistema, se lles pregunta se queren anuncios publicitarios e ademais se se autoriza a remisión a terceiros do seu número de teléfono.

A xerente resposta que se aplica o sistema que pode ser habitual en outras universidades pero debe terse en conta que é voluntario. Trátase de anuncios institucionais de interese para o alumnado o que non lesiona o interese dos alumnos.

O Sr. Fariñas reitera que debería eliminarse o termo terceiro, tamén o termo publicitario que pode inducir a erros. Está ben incorporar información institucional pero non publicitaria.

O Sr. Mollinedo fai dúas preguntas:

Unha en relación ao destino da vivenda do conserxe da Facultade de Filoloxía unha vez que está xubilado.

E outra sobre se é posible cobrar as dietas de asistencia a un órgano colexiado do que forma parte no caso de ocorrer un accidente que lle impide chegar á sesión.

Contéstase pola secretaria xeral que se estudará o tema.

Por último, refírese a unha incidencia co Banco de Santander que figura no **anexo 2**.

Debátese sobre o tema entre o vicerreitor de Planificación, o reitor e o Sr. Mollinedo.

O vicerreitor de Planificación sinala que existe un compromiso co Banco de Santander no marco do Convenio de Colaboración de dispor espazos para oficinas nos tres campus da Universidade de Vigo.

O Sr. Varela sinala que parece ser que o presidente da Xunta de Galicia quere estender a austeridade tamén á Universidade e fai referencia ao datos de investimento en Universidades. Os Comités preguntan cal é a postura do reitor sobre este tema.

Pon de manifesto tamén a existencia de erros ortográficos na documentación da matrícula.

O reitor expón que existe moita tensión nas Universidades aínda que non existe neste momento ningún dato definitivo. Houbo xuntanza en xullo e quedouse en ter outra antes da presentación dos orzamentos no parlamento. Ese será o momento de falar e a Universidade está lanzando a mensaxe de que é o que necesita Galicia: sen unha universidade mellor dotada e mais comprometida non hai futuro. O que vai pasar a partir de aí non se sabe. Sinala que os reitores tiveron conversas informais e daremos a batalla.

Varela pide que o posicionamento da Universidade de Vigo sexa firme e non se agache a cabeza.

Debátese sobre o tema. O reitor conclúe dicindo que o que se está debatendo neste momento é cal é a posición da Universidade en Galicia.


A Sra. Riobó intervén para facer referencia novamente sobre a situación das salas de ordenadores da residencia de As Burgas de Ourense.


O reitor recorda que a Residencia é unha concesión, de xeito que non é un asunto que se poida resolver directamente pero o que si se pode e trasladar á concesionaria esta queixa.

● Sr. Fernández expón a situación que se está dando na Escola de Informática de Ourense, onde hai varios alumnos do Consello de Centro que non asisten á mesma porque están de Erasmus. Ante isto pregunta se é posible que se convoquen eleccións parciais para cubrir as prazas vacantes.

A secretaria xeral resposta que as prazas só quedarán vacantes se os alumnos Erasmus renuncian a ser membros do Consello de Centro. De todos os xeitos, contestará por escrito á consulta feita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 horas do día 30 de setembro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor  
  
 Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral  
  
 Esther M<sup>a</sup>. González Pillado